

OS DEREITOS DA PERSOA TAMÉN SON PARA AS PANDEMIAS

Manifesto por unha xestión da crise sanitaria da COVID-19 democrática e con dereitos

«A liberdade non é nada máis que unha oportunidade para ser mellor»
A. Camus

Somos conscientes da complexidade e dificultades que supón xestionar unha crise sanitaria como a derivada da pandemia do coronavirus.

Para todo o mundo, cada quen coas súas responsabilidades, desde as de carácter estritamente individual até as máximas de carácter colectivo, é un desafío inédito e anguriente.

Porén, tamén temos a certeza de que é xusto en momentos graves, como o actual, cando a solidez dos valores dun sistema xurídico-político se pon a proba.

Por iso, as persoas abaixo asinantes decidimos manifestar, de forma pública, o noso malestar, temor e preocupación polos inxustificables recortes e retrocesos que a xestión desta crise sanitaria está supoñendo para os dereitos e liberdades e, nomeadamente, para os dereitos fundamentais.

Parece razoábel que, para tratar de parar a pandemia, se podan adoptar medidas dunha certa excepcionalidade que condicionan intensamente a nosa vida coa fin de evitar os contaxios. Mais na política, como dixo Albert Camus, son os medios os que xustifican os fins e non ao revés. Por iso un sistema democrático debe sempre fuxir da tentación de tomar atallos que, no nome da eficacia, poñan en risco a esencia mesma da democracia, da que os dereitos fundamentais e liberdades públicas son un pilar imprescindíbel.

Unha actividade sancionadora masiva e centralizada, que parece transformar un problema sanitario nun de orde pública, xunto co uso expansivo das habilitacións legais que fan irrecoñecíbeis os dereitos de manifestación e reunión, e buscan limitar a liberdade de expresión... fan que urxa unha chamada de atención sobre unha deriva, como mínimo, pouco respectuosa cos principios democráticos.

O poder xudicial e o Tribunal Constitucional teñen tamén a responsabilidade de realizar un control destas actuacións que garanta o exercicio real dos principios e dereitos constitucionais. É indiscutíbel a necesidade de protexer a saúde pública, pero, ao mesmo tempo, deben velar porque estas actuacións non vaian máis alá do estritamente necesario para preservar a vida das persoas e a súa integridade física, e respecten os dereitos fundamentais e liberdades públicas, eixos básicos dun estado democrático.

Por iso as persoas que asinamos este escrito apelamos aos poderes públicos para que garantan, sen arbitrariedades -proscritas polo artigo 9.3 da Constitución-, o exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, que non foron suspendidos polo actual estado de alarma.

Para que saiamos desta crise sanitaria, que en ningún caso é unha guerra, máis reforzados como sociedade e como democracia, o virus non debe infectar a integridade e plena efectividade dos nosos valores fundamentais.

1 de maio de 2020